



CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A CONSTRACIÓ DA A XESTIÓ DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO E CALESQUERA OUTRAS INFRACCIÓNS NOS AMBIDOS DA SEGURIDADE, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO (SOBRE Nº 2).-

SOBRE Nº 2.- PROPOSICIÓNS RELATIVA ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACION NON ABALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.-

Segundas condicións do prego administrativo aprobado para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación, os criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes son os seguintes:

a) Medios ofrecidos para a prestación dos traballos: TRINTA E CINCO (35) PUNTOS, de acordo co seguinte baremo:

Pola presentación dun esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos encamiñados á mellora na xestión, que incluírá, necesariamente, un diagrama de procesos, ata QUINCE (15) PUNTOS, analizando aspectos fundamentais como:

- Secuencias de esforzos tendentes a optimiza-la xestión en fases iniciais, limitando polo tanto a xestión en fase executiva.
- Estudio detallado das opcións materiais, de campo e informáticas tendentes a mellorar e acurta-los tempos de notificación das diferentes fases do procedemento.
- Procedementos informáticos que permitan a contestación personalizada da resolución dos expedientes.
- Medidas tendentes a axiliza-la xestión coa finalidade de evita-la posible prescrición de accións.


Ata VINTE (20) PUNTOS a utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemática, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, uso de arquivos documentais dixitalizados, melloras na captura electrónica de datos na tramitación dos procedementos. Valorarase especialmente o sistema de intercambio de datos coas aplicacións informativas que se especifiquen no PPT e outras municipais.

Este informe se centra unicamente na primeira parte do apartado a) dos medios ofrecidos para a prestación do servizo, as cuestións relativas ós medios tecnolóxicos e telemáticos será informada polo Departamento de Informática do concello.

Así en base a elo:

1.- MEDIOS OFRECIDOS PARA A PRESTACIÓ DOS TRABALLOS.- 35 PUNTOS.-

- a) Esquema coa metodoloxía aplicada nos procedementos materiais e informáticos, se analizará: a optimización da xestións nas fases iniciais, acurtar os tempos de notificación, procedementos informáticos para a contestación personalizada e as medidas tendentes á axilización da xestión. (15 puntos).



CONCELLO DE SANTIAGO

Para a obtención da puntuación prevista se tendrá en conta, de xeito global os seguintes criterios, nos que entendo se poden concretar os obxectivos pretendidos na prestación dos traballos, que estanse a recoller no prego técnico e no administrativo:

- Diagrama de procesos
- Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.
- Automatización e coherencia na introdución de datos.
- Gravación de denuncias.
- Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.
- Contraste dos datos do infractor.
- Sistemas de identificación de condutor.
- Períodos e controis para as actuacións de gravación, notificación, informes e propostas.
- Sistema de notificación.
- Investigación de datos domiciliarios.
- Sistema de publicación por edictos.
- Sistemas de atención: presencial, telefónico, móbil, internet.
- Informe do instrutor: proposta de resolución e recursos
- Periodificación o pase a executiva.
- Presentación de información para contabilidade.
- Sistema de cobro das sancións.
- Plan de formación


Aplicando estes criterios ás distintas ofertas se elaborou un cadro nos que se outorgou unha puntuación parcial a cada un deles de 0-2 puntos, de tal xeito que a oferta que cumpría amplamente un determinado criterio e propoñía melloras relevantes na súa aplicación, se lles asignan 2 puntos; aquelas que o cumprían de xeito adecuado sen aportar melloras destacables, se lles asigna un 1; e por último, aquelas ofertas que non facían mención o mesmo o non aplicaban medidas en relación co criterio evaluado, non se lles atribuíu ningún punto.

Se adxunta como anexo a este informe o cadro de referencia no que se recollen as puntuacións parciais de cada un dos criterios, a suma total deles, a porcentaxe resultante sobre o total e a resultante con decimais, sen redondear aínda.

Co fin de concretar cales foron as cuestión que, en cada un dos apartados determinaron a puntuación asinada, infórmase.-

Con relación á primeira cuestión, a exigencia dun diagrama de procesos, a todas as empresas se lles asignou a mesma puntuación, por entender que os diagramas presentados cumprían amplamente a esixencia dos pregos; agás a entidade Europcop, que non presenta ningún.

En canto as secuencias de esforzos tendentes á optimización da xestión en fases iniciais, limitando a xestión en fase executiva, se individualizaron tres criterios: a parametrización e deseño do tratamento dos expedientes, a automatización e coherencia na introdución de datos e a gravación de denuncias e tratamento das incorreccións no momento de mecanizar, todos os proxectos presentados teñen a mesma puntuación, pois todos eles recollen sistemas innovadores coas distintas aplicación ou programas que utilizan para facer máis eficaz e eficiente a apertura do expediente, de tal xeito que a denuncia se incorpora ó procedemento en tempo real, quedando a información gravada automaticamente. Ademais estas aplicación incorporan sistema de control que evitan a comisión de erros formais na elaboración dos boletíns de denuncia.



CONCELLO DE SANTIAGO

En canto ó tratamento da xestión de descoñecidos e investigación dos datos do infractor, neste punto, os proxectos difiren uns doutros:

GTT propón levar a cabo a indagación de dirección alternativa previamente á notificación por comparecencia, mediante contacto telefónico para a súa confirmación. Este é un sistema que considero eficaz, pola propia experiencia, na meirande parte dos casos, poñéndose en contacto co interesado adoitan solucionarse os problemas de falta de información ou de información deficiente, en orde a determinados aspectos dun expediente como pode ser o enderezo. Poren, non propón un verdadeiro sistema de xestión de descoñecidos, senón un método para a investigación dos datos do infractor.


Tamén propón asinar convenios de colaboración coas empresas de aluguer de vehículos a fin de garantir a identificación de condutores aportando copia do contrato de aluguer, Por elo, se puntúa cun 0 a xestión de descoñecidos e con un 1 a investigación de datos do condutor.

RECYGES soamente incorporan os datos da DXT de feito plantexan que cando se observan discrepancias nos boletíns de denuncia se remitirán de novo á P.L. para a súa subsanación. No suposto dos outros expedientes sancionadores, distintos ós de tráfico, propónse a utilización das bases de datos do concello. Neste caso, o sistema non é moi operativo, posto que o concello non dispón de toda a información en base de datos, senón que en moitos casos ten que facerse manualmente consultando arquivos e ficheiros.

Polo exposto, considero que a entidade non ten realmente proxectado un sistema propio para a xestión de descoñecidos e para a investigación dos datos do infractor, en calquera dos procedementos, sexa o de tráfico como o resto, non semella ser moi eficiente. Nun caso acude ós datos da DXT e noutro ós que dispón o concello, que non son moi áxiles para a xestión dos expedientes, como se expón. Por elo se puntúa con un 0 a xestión de descoñecidos, pois non se propón un plan empresarial para elo e cun 1 a investigación de datos do infractor.

SCI considera prioritario no seu proxecto para facilitar e axilizar a xestión administrativa das multas aportar ó expediente o maior número de probas posibles. Para facilitar a investigación de descoñecidos e confrontar os datos do infractor propón un cruce de datos e consulta con plataformas de ámbito nacional á que teñen acceso, como DGT, AEAT, Xunta, etc e outras ás que están subscritos SABI, CEDIN. Propón tamén a entrega no acto a todas as persoas que presenten identificacións de condutor de forma presencial un documento acreditativo del cumprimento de su obrigación. Tamén se posibilita a identificación do condutor mediante o acceso vía web, á que terán acceso el titular do vehículo. Mediante conexión ATEX-5 o propio sistema pode comprobar que o condutor teña permiso e estea en vigor. Por elo, concédense 2 puntos ós aspectos de xestión de descoñecidos e investigación dos datos do infractor.

EUROCOP en canto á identificación do condutor a filiación do infractor, do denunciante e outros datos se obteñen de xeito automático conectándose coa DXT e/ou Padrón de Habitantes e/ou Terceiros do Sistema Municipal, a través de Web Services, o que permite a súa actualización permanente. Os datos dos vehículos se obteñen a través da DXT e/ou Padrón de Vehículos do imposto municipal través del sistema Web Services el sistema pode conectarse con bases de datos e plataformas públicas como a DXT, LexNet, Fiscalía e outros corpos de policía; aínda que terían que asinarse os correspondentes acordos. O mesmo sucede cos sistemas de información municipal Padrón de habitantes, Ficheiros de Terceiros, Roteirs, Catastro e IBI, etc; ademais doutros sistemas de xestión documental. A través de Eurocop Mobile plataforma tecnolóxica baseada no uso de Smartphones a Policía Local pode acceder en tempo real á información da Base de Datos Policial Eurocop, integrada pola información que facilitan as distintas plataformas, padróns, etc antes mencionados. Se puntúa cun 2, ambos conceptos.



CONCELLO DE SANTIAGO

AL en relación con este aspecto do proxecto non aporta, a respecto da xestión de descoñecidos e da investigación dos datos do infractor a conexión directa co DXT a través de ATEX-5, polo que entendo que a entidade non propón un sistema propio de xestión de descoñecidos e neste sentido, se puntuá con 0 punto en este aspecto e un punto na investigación dos datos do infractor pois se fai a través do acceso ós datos da DXT.

CGI respecto a la identificación del infractor e investigación de seus datos plantexa soamente a conexión via ATEX, coa plataforma da DXT e nin sequera oferta os permisos. Propón tamén utilizar a base de datos de vehículos (sen concretar a cal está a referirse). En consecuencia puntuáse ó igual que os anteriores, 0 puntos a xestión de descoñecidos e un punto a investigación de datos do infractor.

Polo que se refire o sistema de identificación do condutor, para aqueles supostos nos que se descoñece, por parte do axente denunciante, a persoa que conducía o vehículo, as propostas das empresas son as seguintes:

GTT non se fai mención expresa ó procedemento de identificación, polo que se puntuá cun 0.

RECYGES incorpora como novidade que na notificación remitida o titular do vehículo para a identificación do condutor se inclúa un formulario para realizar a identificación e facilitar o cumprimento da obriga, por elo puntuáse cun 1.

SCI se contempla no proxecto un tratamento específico de identificación do condutor, expedindo un documento acreditativo do cumprimento da obriga, cando se fai no acto, o que considero moi positivo xa que, por unha banda o interesado non ten que presentar escrito algún e por outra, se reducen os tempos de tramitación. Ademais de presencialmente o por escrito a través do Rexistro, se contempla a posibilidade de facelo mediante acceso via web sen precisar identificación electrónica, despois o propio sistema comproba se o identificado ten permiso de conducir. Puntuase con un 2.

EUROCOP non recolle ningunha especificación a respecto deste trámite, polo que se puntuá cun 0.

AL contempla un sistema avanzado de identificación sen necesidade de certificado electrónico a través dun portal web. Tamén recolle a posibilidade de asignación eficaz do infractor cando non se ten podido identificar ó condutor no intre da comisión da infracción; enviando ó condutor habitual a notificación, información que se obtén mediante a funcionalidade de consulta masiva de infractores, o programa que manexan posibilita asignar automaticamente as denuncias a arrendatarios ou condutores habituais de xeito transparente para o usuario. Esta medida permite reducir os tempos de tramitación, en moitos casos, evitando a prescrición, polo que se puntuá cun 2.

CGI propón para as denuncias non notificadas en mano, a localización dos datos do vehículos o do seu propietario a través da plataforma da DXT, realizando un requirimento de identificación do condutor do vehículo, ó seu titular. O sexa non se propón un sistema propio de investigación, nin ningunha actuación específica encamiñada a elo, máis alo da información facilitada pola consulta á DXT, por elo se puntuá con 1.

O seguinte punto a ter en conta é o sistema de notificacións e publicacións, tendo en conta, como premisa, que tódolos proxectos cumpran as determinacións da Lei 39/2015, de 1 de outubro.



CONCELLO DE SANTIAGO

Neste punto ten que destacarse que tódolos proxectos contemplan distintos sistemas de notificación, algúns deles cunha serie de novidades que facilitan e axilizan a xestión:


- Notificación electrónica e Dirección Electrónica Vial
- Proba de entrega electrónica na notificación postal
- Imaxes dixitalizadas dos acuses
- Seguimento e control das remesas de notificación.
- Nalgúns casos se fai referencia expresa á indagación da dirección alternativa.
- Convenios de colaboración con empresas de aluguer
- Integración co TEU e o TESTRA
- Notificacións con recursos propios ou a través de empresas especializadas.
- Notificacións acompañadas de referencia C60, entre outras

GTT, en relación coas notificacións se levará a cabo unha impresión por equipo especializado adscrito ó proxecto para a impresión masiva de documentos. Creación de código Serade identificador de cada unha das notificacións con acuse de recibo para o seu control. A notificación se practicará preferentemente por medios electrónicos, en canto as de papel se realizarán con correos ou outras empresas de reparto. As susceptibles de ser abonadas levarán asociada unha referencia C60 con desconto o sen elo para poder proceder ó pago. Correos deixará un aviso e a empresa de reparto informará da dirección da oficina da empresa para a recollida da notificación. No suposto de que non sexa posible practicar a notificación se realizará no TEU, pero antes intentarase a búsqueda dunha dirección alternativa. A puntuación outorgada a esta proposta é de 1 punto, pois non aporta moitas novidades ó sistema de notificación.

RECYGES se fai referencia á notificación a través de empresa ou Correos no domicilio do infractor, gravándose con lector de código de barras a data da notificación ou escaneado o aviso de recibo. No suposto de que non se produza a recepción, se buscan domicilios alternativos, no rexistro da DXT, incluíndo na publicación no BOE a data do primeiro intento con caso de resultado negativo nos dous intentos de notificación (un de mañá e outro de tarde) sen resultado positivo, unha vez ó mes remitírase a publicación ó BOE. Comunicación por correo ordinario ó interesado que non foron notificados persoalmente nos seus domicilios. Cuestión que non lle vexo ningunha utilidade, porque se en dúas ocasións non foi posible notificar a un interesado, non ten sentido inténtalo unha terceira vez, pola mesma vía.

Notificación a través da sede electrónica do Concello a persoas xurídicas e as físicas que o soliciten. Tamén se contempla remitir a carta de pagamento por correo electrónico a solicitude do interesado. A esta empresa tamén lle puntúo cun 1, porque do mesmo xeito que a anterior empresa non contempla novidades destacables na materia, máis alo das esixencias legais.

SCI, en primeiro lugar, se propón a notificación de denuncia en todos os casos con posterioridade ós feitos, independentemente de que o interesado xa recibirá do axente a denuncia no intre da infracción coa correspondente carta de pagamento. Se depuran os datos do acto administrativo para evitar trámites infrutuosos, se incorpora un código QR nas notificacións para que o interesado poda descargar na web municipal os documentos, dende un dispositivo móbil. As notificacións poden mandarse de xeito individual o masivo, cuestión que o resto das memorias non mencionan expresamente. Para diminuír o número de notificacións que teñen que enviarse ó TEU e o TESTRA de forma telemática, se propón a consulta de plataformas de ámbito nacional e outras, ás que está subscrita a entidade, para coñecer os datos dos infractores.



CONCELLO DE SANTIAGO

Se propón un contacto directo co cidadán para conquistar a súa autorización e poder comunicarse a través do correo electrónico, teléfono o SMS, anunciando ó interesado a existencia da notificación pendente.

Nas notificacións se incorpora un texto que informa o interesado da posibilidade de tramitar o expediente en sede electrónica, indicando un número de teléfono e conta de correo electrónico ó que dirixirse para darse de alta no sistema, cuestión que me parece importante para impulsar e fomentar o expediente electrónico.

Dispoñen dun axente notificador a tempo parcial que se ocupará de practicar as notificacións máis problemáticas. Esta solución me parece moi eficaz para o resultado positivo das notificacións.

Propoñen a utilización do seu operador postal CI Postal que descarga de xeito automático ficheiros cos datos obtidos nas actuacións de notificación, polo que moitas empresas e administración reciben os resultados das actuacións de notificacións practicadas sen previa gravación. Ademais, as notificacións realizadas por esta empresa permiten que podan recollese datos a través de PDA, na que o destinatario rexistra a súa sinatura no intre da entrega. Estes datos se remiten en tempo real ó aplicativo que xestiona o procedemento. A práctica da notificación é obxecto de xeolocalización para evitar futuras reclamacións.

Se envían por correo ordinario as notificacións non recepcionadas, tras a investigación de descoñecidos ou se remite a notificación mediante o notificador persoal e soamente cando ningunha destas vías funciona se remiten ó TEU e o TESTRA. Tamén se remite unha notificación ordinaria ós publicados, a fin de incrementar as garantías e lograr a terminación do procedemento.

Considero que as medidas propostas pola empresa contribúen de maneira máis que eficiente a conquistar unha axilidade e garantía na recepción das notificacións, con sistemas innovadores e eficientes, por elo doulle neste aspecto 2 puntos.

EUROCOP el sistema Euro OTD permite a utilización da dirección electrónica para realizar notificacións telemáticas a persoas xurídicas e físicas que o acepten, onde se integra co TESTRA e NOSTRADEV. As notificacións se realizarán á Dirección Electrónica Vial, como domicilio virtual único, para recibir as notificacións oficiais en materia de tráfico. Tamén é susceptible de integrarse con outros sistemas para realizar os cobros. Non considero que se incorpore na proposta ningún sistema innovador ou procedementos que permitan unha maior axilidade ou garantía nas notificacións, contemplando o básico e necesario para a súa realización, polo que a puntuación é un 1.

AL propón a notificación mediante medios propios co sistema avanzado RD POST E3 que garante a evidencia electrónica da entrega, a optimización do reparto o seguimento "on line" e a eliminación da documentación física, sendo necesario verificar de forma telemática a validez do selo dixital, cando se teña que remitir a documentación ó xulgado, o que pode plantexar algún problema de operatividade; asemade, conta tamén o sistema co xeoposicionamento mediante GPS.


Con estas medidas conqúrese unha acuse de recibo máis fiable con controis de calidade e parámetros de seguridade.

Utilízase a Web Service do Concello para as notificacións a través da plataforma telemática municipal.

Para as notificacións persoais a entidade ten o seu propio operador postal RD Post.

Tamén propón a utilización dun sistema de avisos tributarios mediante envíos SMS e mail personalizados. Para elo a entidade conta cunha plataforma de notificacións telemáticas SINOTEL, para que os usuarios poidan recibir a información sempre que o desexen. Con un sistema de identificación que non require certificado electrónico.

Outra proposta interesante e a posibilidade de ter dita información no móbil cunha App da entidade.



CONCELLO DE SANTIAGO

Ademais se complementan estas notificacións coas que poden realizarse a través da Dirección electrónica vial, que se utilizará cos usuarios dados de alta.

Do mesmo xeito que SCI propón a realización de campañas informativas para promocionar o uso da plataforma dixital.

O último recurso será a publicación en TEU a través de Web Service.

Considero que todos estes medios de notificación e o fomento da notificación electrónica son innovadores, garantistas cun control exhaustivo diario de cada envío e eficiente, polo que o puntuo cun 2.

CGI propón do mesmo xeito que o resto das empresas a notificación por medios electrónicos, á sede electrónica do concello, ou algún punto xeneral de acceso se o interesado facilita un correo electrónico no que recibir a notificación.

Tamén propón a notificación en papel mediante ficheiros impresos que serán facilitados a Correos ou a outro operador postal que se elixa.

Se escánean os acuses de recibos cun servizo independente compartido con outros proxectos da empresa en xestión tributaria.

A impresión das notificación se realizar por dous equipos especializados adscrito ó proxecto coa colaboración dos contratistas homologados por CGI para a impresión masiva de documentos. Estes documentos serán depositados en Correos ou entregados en outras dependencias autorizadas.

Esta cuestión pode plantexar problemas de protección de datos.

Cada notificación leva un código Serade para a súa identificación e control.

Tamén contempla a posibilidade de búsqueda de direccións alternativas antes do envío da publicación ó TEU. Considero que o sistema de notificación non aporta solución imaxinativas ou innovadoras polo que o puntuo cun 1.

En canto os prazos de tramitación e notificación, vou a darlles a tódolos proxectos a mesma puntuación, pois con mínimas variantes, en xeral, os prazos son máis que aceptables para a tramitación dos expedientes salvando a caducidade dos procedementos e a prescrición das infraccións.


En relación coa atención ó infractor e os distintos sistemas propostos polas empresas, partindo da base de que teñen que ter un local destinado á prestación do servizo de forma presencial, como exige o prego técnico, as outras formas de relacionarse cos cidadáns que plantexan, se describen de seguido:

GTT no esquema de tarefas que se contén a principio do proxecto se fai mención á atención presencial no local destinado á prestación deste servizo. Tamén se refire ó proxecto á posibilidade de relacionarse cos interesados a través de notificacións electrónicas en Sede Electrónica, na oficina virtual e con avisos de SMS. Ademais deste canle electrónico, a entidade tamén se relaciona con eles por teléfono, incluíndo a gravación da chamada para a súa incorporación ó expediente

Nun apartado específico se recolle a referencia á oficina que terá a entidade e que, en principio, seguirá a ser a actual na rúa Galeras, por ser unha referencia para os cidadáns. A puntuación é de 1, pois o proxecto non desenvolve de xeito mais específico como vai ser a atención ó infractor, nin propón medidas innovadoras para elo.

RECYGES fai mención en contadas ocasións á oficina de atención ó infractor e non concreta os modos directos de relacionarse con eles, por elo a puntuación é un 0

SCI ademais da correspondente oficina de atención ó cidadán, dispoñen dun Call Center atendido por persoal interno formado na xestión municipal que permite a automatización e



CONCELLO DE SANTIAGO

xestión máis eficiente das chamadas telefónicas en horario de oficina. Tamén contempla a atención por correo electrónico, o acceso a un blog xurídico atendido permanente por seus asesores xurídicos e fomento informativa a través das redes sociais, Facebook, Twitter, etc. A emisión de SMS, coa información da base de datos dos números de teléfono e a comunicación telefónica cos interesados que o desexen.

Complementan a atención persoal, cunha App para móbiles chamada MyCityPocket para que os cidadáns podan descargarse a información que precisen e acceder a un buzón de queixas, suxestións e reclamacións, con módulos de preguntas frecuentes FAQ'S e consulta e seguimento do asunto enviado. Propón o proxecto que os cidadáns que acudan á oficina completen un formulario para, de xeito voluntario, confirmar a súa dirección, outras residencias, teléfono, mail e outros datos que se utilizarán, coa súa autorización, para o fin para o que foron facilitados. Tamén propoñen a creación dun rexistro virtual que permite a axilización dos procedementos mediante presentación de solicitudes a través de plataforma electrónica. A proposta me parece moi positiva e con importantes recursos para a mellor relación co cidadán, polo que a puntúo cun 2

EUROCOP na súa memoria non se fala en absoluto do local que teñen que por a disposición do concello, para a atención ó público, nin de como se desenvolverá dita función. Faise unha mención no proxecto, no senso de que a entidade acata e acepta todas e cada unha das condicións de índole técnica, económica, xurídica e administrativa contempladas nos pregos do concurso, pero non fai referencia a esta dotación material esixible segundo o artigo 6 do Prego de Prescricións Técnicas. Pode entenderse que estamos ante unha condición de execución e non da licitación; poren o feito de non facer referencia ó local non determina que non se faga mención a como vai ser a atención ó cidadán, cuestión que tampouco se menciona e que o prego esixe como parte da actividade de colaboración na xestión dos expedientes á entidade adxudicataria.

A única referencia que se fai a respecto da atención ó cliente é a seguinte frase "Grupo de mantemento y atención ó centro de atención al cliente y a la entidad local". Tampouco queda moi claro se están a referirse o local ou a outro punto de atención, posto que ademais de referirse ó cliente tamén se fai mención á entidade local, cuestión que non se entende ós efectos da atención ó público.

Por todo elo a puntuación é un 0.


AL dedica un capítulo do proxecto, á información ó infractor, incluíndo varias modalidades de atención: presencial, telefónica, por correo ordinario, por correo electrónico e por internet.

AL Consultoría pon a disposición do Concello o Centro de Atención ó Infractor, cuxa función será a prestación do servizo de atención telefónica para a Xestión Activa de Xestión de Multas, e outros servizos.

En consecuencia e tendo en conta que en principio se utilizan tódolos canles posibles de comunicación co infractor, a puntuación sería un 2.

CGI fai mención o local como recurso material posto a disposición do proxecto, no centro urbano a pe de rúa e complementado equipado. O proxecto oferta dos servizos de atención telefónica e telemática situados en Salamanca e Barcelona, de 8 a 20 horas para elo os impresos levarán un número de teléfono, para que os cidadáns podan obter respostas a súas dúbidas xerais o relativas a un expediente concreto.

A información tamén propónse realizala a través do correo electrónico que o interesado facilite o por SMS, os avisos correspondentes.



CONCELLO DE SANTIAGO

A puntuación a **esta** proposta é dun dous, pois se contemplan tódolos posibles medios de relacionarse cos cidadáns.

Outro aspecto importante do proxecto é o relativo ós sistemas de cobro e neste senso destacamos que tódolos proxectos contan con sistemas telemáticos de pago, ademais dos tradicionais en metálico, con tarxetas de crédito u débito, transferencias bancarias dende o móbil utilizando as distintas apps que as empresas propoñen, na páxina web do concello e aínda, SCI, propón ter un TPV Virtual nas oficinas da rúa Galeras, para permitir o pago "on line" e outro para o Concello, para que se podan tamén realizar dende a Administración. Ademais tódalas empresas se adaptan as condicións que, a respecto dos medios de cobro se conteñen no Prego de Prescricións Técnicas, artigo 4. Polo exposto, neste apartado, tódolos proxectos terán a mesma puntuación 2 puntos.

En relación coa cuestión relativa ós informes do instrutor, as propostas de resolución e os recursos, tódolos proxectos se axustan as determinacións do prego de condicións e propoñen uns tempos de resposta máis que axeitados para conquistar a axilidade do procedemento; ase como a formación técnica e xurídica axeitada para que ditas respostas teñan unha garantía legal fronte a posibles recursos. Por elo, a puntuación é semellante para todas as empresas.


Respecto á periodificación ou pase á fase executiva e a presentación da información contable, en xeral os proxectos fan referencia resolvendo o pase a executiva de xeito que se facilite a labor municipal cun sistema de información contable axeitado e adaptado as necesidades e requirimentos municipais; agás a entidade CGI que non fai referencia algunha a isto e entidade GTT que a única mención que se fai é a unha cuestión estatística do programa, que permite o seguimento da xestión recadatoria que inclúe o pendente en executiva, os cobros e baixas e un total do cargo a recadar, con gráficos e porcentaxes de cobro, pero non se menciona como se vai a levar a cabo o traspaso desta información ó Concello, nin tampouco en que documentación contable se verificará. Por elo a ámbalas dúas empresas se lles puntúa cun 0, neste apartado.

Plan de formación se valora este aspecto dos proxectos en función do disposto no apartado q do artigo 1 do Prego de Prescricións Técnicas, xa que un axeitado Plan de Formación se considera unha acción necesaria para cumprir de xeito correcto, eficaz e eficiente a xestión integral dos expedientes sancionadores, tanto na súa vertente administrativa como recadatoria.

GTT non se contempla propiamente un plan de formación, soamente se recolle a posibilidade de ter xuntanzas de seguimento co persoal municipal. Polo que a puntuación é un 0.

RECYGES ó igual que o anterior, tamén contempla a posibilidade de fiscalización da prestación do servizo por parte dos funcionarios municipais, pero non recolle ningún curso ou plan de formación, nin para os empregados da entidade, nin para os funcionarios do concello. Polo tanto a puntuación é a mesma que o anterior 0.

SCI é a única entidade que presenta un verdadeiro Plan Interno de Formación Continuada do Persoal, sobre todo para o persoal da empresa encamiñado fundamentalmente a conquistar o máximo nivel de coñecementos en materia de Administración Electrónica e axilización de procedementos. Tamén ofertan para o persoal funcionario un Curso de Formación en Redución de Cargas Administrativas no ámbito da Administración Electrónica, cunha duración dunha hora e un total de tres cursos anuais. Por elo, concédeselle 2 puntos.



CONCELLO DE SANTIAGO

EUROCOP na Fase 4 do Plan de Implantación do Negocio **se** recolle que **se** procederá á formación de todos os usuarios do sistema e dos dispositivos e todo aquel persoal que designe a Entidade Local, mediante os oportunos cursos de formación que se desenvolve no punto 2.8 do proxecto, no que recolle un Plan de Formación que pode adaptarse segundas esixencias do concello e contén os servizos de formación. Polo tanto, se puntúa cun 2.

AL a través da entidade **AI** Fundación que é unha institución privada e sen ánimo de lucro, de recoñecido prestixio e cuxo proxecto de formación permanente, aspira a dar soporte as necesidades de perfeccionamento profesional do persoal ó servizo das Administracións Locais. A través desta entidade o proxecto contempla a posibilidade de realizar un Plan de Formación en materia de procedemento sancionador, atención ó público e linguas cooficiais. Considero axeitada a proposta polo que se lle puntúa cun 2, aínda que sería conveniente ampliar ou modificar algún dos cursos propostos para introducir

GTI tamén contempla no proxecto a formación, tanto para os Policias Locais no uso das PDA como do resto dos intervenientes no procedemento, mediante un curso de 4 horas. Non semella un Plan de Formación, propiamente dito, polo que se puntúa cun 1.

Entre as obrigas do adxudicatario o Prego de Prescricións Técnicas contempla, no apartado do artigo 5, o seguinte: Asegura-la calidade dos trabados mediante controis internos efectuados periodicamente, dándolle información ó Concello dos seus resultados. Neste aspecto, todos os proxectos contemplan unha política de calidade para valorar o servizo e melloralo, incorporando medidas de calidade nas distintas fases do procedemento, por elo se lles puntúa a todos cun 2.

A conclusión destas puntuacións é que, aínda que tódalas ofertas cumpren amplamente os criterios avaliados, en función dun análises detallado e exhaustivo dos criterios en relación cos obxectivos determinados no prego, se conclúe coa atribución da seguinte puntuación:

SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.- 15 PUNTOS
ASESORES LOCALES CONSULTORIA S.A.- 13,6 PUNTOS
EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L.- 11,7 PUNTOS
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS.- 11,3 PUNTOS
RECIGES S.L.- 10,8 PUNTOS
GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.- 9,8 PUNTOS


Xúntase cadro como Anexo I no que se detallan as puntuacións parciais correspondentes ós distintos conceptos avaliados.

Santiago a 16 de maio de 2018

A XEFE DO SERVIZO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Asdo/Maria Moreno Berguer







**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**ANEXO Ó INFORME, CUADRO DE VALORACIÓN DE CRITERIOS NOS QUE SE PODEN
CONCRETAR OS OBXECTIVOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

	GTT	REC YGES	SCI	EURO COP	AL	CGI
Diagrama de procesos	2	2	2	0	2	2
Parametrización e deseño do tratamento dos expedientes.	2	2	2	2	2	2
Automatización e coherencia na introdución de datos.	2	2	2	2	2	2
Gravación de denuncias. Tratamento das incorreccións no momento de mecanizar.	2	2	2	2	2	2
Xestión de descoñecidos.	0	0	2	2	0	0
Contraste dos datos do infractor.	1	1	2	2	1	1
Sistemas de identificación de condutor	0	1	2	0	2	1
Sistema de notificación. Investigación de datos domiciliarios e publicacións edictais.	1	1	2	1	2	1
Prazos de tramitación e notificación	2	2	2	2	2	2
Sistema de atención presencial e outros modos de relación cos cidadáns.	1	0	2	0	2	2
Informe do instructor, proposta de resolución e recursos	2	2	2	2	2	2
Sistemas de cobros de sancións	2	2	2	2	2	2
Periodicidade do pase a executiva e presentación de información para contabilidade	0	2	2	2	2	0
Sistema de cobro das sancións.	2	2	2	2	2	2
Plan de formación	0	0	2	2	2	1
Controis de calidade	2	2	2	2	2	2
TOTAL	21	23	32	25	29	24
TOTAL PUNTUACIÓN	9,8	10,8	15	11,7	13,6	11,3





CON/67/2017

ASUNTO: INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO E CALESQUERA OUTRAS INFRACCIÓNS NOS ÁMBITOS DA SEGURIDADE, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (SOBRE Nº 2)

1. ANTECEDENTES

Con data 18 de maio recíbese do xefe de sección de Contratación solicitude de informe de valoración das ofertas presentadas a licitación, xunto coa documentación do expediente, que inclúe informe da xefa do servizo de Mobilidade e seguridade e as ofertas seguintes:

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)
- RECYGES
- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)
- EURO COP SECURITY SYSTEMS (EURO COP)
- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)
- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

2. ALCANCE DO INFORME

En base ao informe da xefa de servizo de Mobilidade e seguridade, este informe céntrase nos aspectos tecnolóxicos das ofertas, e máis concretamente no punto que se reproduce de seguido e que forma parte do apartado "criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes" do prego:

- Ata VINTE (20) PUNTOS a utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, uso de arquivos documentais dixitalizados, melloras na captura electrónica de datos na tramitación dos procedementos. Valorarase especialmente o sistema de intercambio de datos coas aplicacións informativas que se especifiquen no PPT e outras municipais.



Neste informe analízase a solución desde o punto de vista de arquitectura tecnolóxica e dos aspectos técnicos. Non se analiza en detalle os aspectos puramente funcionais do software, cuxa análise correspondería aos departamentos usuarios, e que incluso nalgunhas ofertas quedan integrados na descrición global do servizo ofertado.

3. DETALLE DAS OFERTAS

As ofertas analízanse tendo en conta a utilización de medios tecnolóxicos no que respecta a cada un dos aspectos que se describen no punto.


Para facilitar a avaliación, cada apartado ten asociada unha puntuación máxima. A puntuación total das ofertas obtense coa suma das puntuacións acadadas en cada apartado. Finalmente obtense a puntuación definitiva sobre os 20 puntos do criterio aplicando unha fórmula proporcional.

Todas inclúen descrición dunha plataforma tecnolóxica. Se cada oferta sigue unha orientación diferente na súa redacción e fai fincapé en aspectos distintos, existen unha serie de elementos comúns que reflicten solvencia tecnolóxica para o obxecto do contrato que se persigue.

a) Mellora da xestión (5 puntos)

Todas as ofertas inclúen a utilización de plataformas informáticas deseñadas para optimizar a xestión de expedientes e facer o seguimento e control da súa tramitación, incorporando sistemas de captación de información de xeito manual, en mobilidade e mediante a importación desde outros sistemas internos (como poden ser aplicacións, radares, etc.) ou externos (DGT).

En todos os casos se describe ademais unha arquitectura que inclúe compoñentes entre os que se atopan un xestor de expedientes e un xestor documental. Estes elementos dispoñen de funcionalidades avanzadas que fan presupoñer unha maior facilidade de explotación da información, así coma de integración coas



aplicacións municipais ou, cando menos, de intercambio de información.

Fan fincapé na captación de información de calidade como elemento crítico para a mellora da xestión, deseñando procedementos automatizados ata onde é posible co obxecto de evitar erros humanos, e introducindo axudas e controis como son a conexión á base de datos da DGT ou, se é o caso, dos padróns municipais, para descarga de información do vehículo.

Tamén mencionan todos a conectividade necesaria para o intercambio de información coa DGT, incluíndo tanto o acceso a información de vehículos (ATEX) coma o envío de información mediante sistemas como TESTRA, NOSTRA-DEV ou, nalgún caso ATMV.

Hai unha importante diferenza entre os modelos seguidos, que presentan vantaxes e desvantaxes:

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, RECYGES, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, EUROCOPE e ASESORES LOCALES dispoñen da súa propia solución de xestión integral, instalada sobre os seus propios servidores.
- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS ten acordos de colaboración co fabricante de software T-SYSTEMS, e ofrece a prestación do servizo sobre esta solución informática, que ademais sería instalada nos propios servidores municipais. O provedor aporta todas as licenzas e servizo de mantemento oficial durante a prestación do servizo.

A solución de COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS é avaliada moi positivamente neste informe no apartado de integración cos sistemas informáticos municipais, xa que na práctica toda a información quedaría almacenada e podería ser explotada na plataforma de administración electrónica municipal que se está implantando no Concello e cuxo subministrador é precisamente a empresa T-SYSTEMS. O Concello conta ademais neste momento coas versións anteriores da xestión de ingresos e de padrón de habitantes deste provedor.



Trátase esta dunha opción que de feito se contemplaba como obxectivo a futuro no propio prego. Presenta, en sentido contrario, un maior risco neste momento para a posta en funcionamento de xeito inmediato, xa que a implantación da solución de administración electrónica municipal está en fases iniciais. As solucións do resto dos provedores, que se ben poden aportar un menor nivel de integración, contan con maior autonomía para o inicio inmediato da prestación do servizo.

- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Basea o funcionamento na súa solución global SIT (sistema de información tributaria) deseñada sobre a base dunha xestión integral de expedientes electrónicos, co seu propio xestor documental. Aporta polo tanto todas as funcionalidades dunha ferramenta deste tipo, onde os sancionadores son unicamente tipo de expediente.

A oferta inclúe os módulos específicos para a xestión de expedientes sancionadores (SIT-gtt) e para dispositivos móbiles (SIT-sanciona).

Tamén inclúe a súa Oficina Tributaria Virtual (OTV) personalizable, desde a que permite a realización de trámites electrónicos (recibir notificacións electrónicas, pagamento a través de varias pasarelas bancarias, notificación do condutor, etc.)


Fai una descrición detallada das funcionalidades de cada módulo, desde a recollida de boletíns, o intercambio de datos, e a xestión e seguimento dos expedientes. Tamén das necesarias funcionalidades de conectividade ATEX5, SICER, ATMV.

Por último incorpora un Centro de Atención Telemático.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **RECYGES**

Describe o seu aplicativo de xestión integral de multas RECYGES, incluíndo capturas de pantalla de cada unha das funcionalidades, e da aplicación de gravación de multas en mobilidade RECYGES MÓBIL.



Con respecto a esta última, bótanse en falta algunhas funcionalidades reflectidas noutras ofertas, como é a de pagamento mediante impresión de carta de pago ou TPV.

Recibe menor puntuación por este motivo.

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**

A oferta inclúe as aplicacións EAS@NET que permite a xestión integral de expediente.

Fai una descrición moi completa e detallada das funcionalidades de cada módulo, desde a recollida de boletíns, o intercambio de datos, e a xestión e seguimento dos expedientes. Tamén das necesarias funcionalidades de conectividade ATEX5 ou TESTRA.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.


- **EUROCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCOP)**

Describe o seu aplicativo EURO-OTD de xestión integral do procedemento sancionador. Esta solución inclúe outros módulos, como EUROCOP-MOBILE para gravación de multas en mobilidade ou EUROCOP-DGT para consulta e actualización de datos coa DGT.

Declara como elemento diferenciador a súa integración dentro do ecosistema de aplicacións de xestión policial EUROCOP. Non se ten como tal en conta neste informe, posto que o Concello non dispón desta solución. Incorpora tamén algunhas funcionalidades, como Predtraffic para predición e análise do tráfico, que non se teñen en conta neste informe por non considerarse directamente relacionados co obxecto do contrato.

Ademais das integracións habituais con TESTRA e NOSTRA-DEV, inclúe servizos web para conexión con ARENA II, e con LexNet, Fiscalía e Policías.

Como mellora aporta un portal telemático para pagamento de denuncias en liña e consultas. Este mesmo portal pode ser utilizado polo Concello para consultas sobre os expedientes.



Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)**

Describe o seu aplicativo de xestión integral de multas GESSAN web de xestión de expedientes sancionadores de tráfico e GESSAN SANCIONADOR para xestión doutros expedientes sancionadores, xunto con módulos coma GESSAN MOBILE de gravación de multas en mobilidade, GESINF para validación masiva de denuncias, e SEGVIAL para recadación en voluntaria mediante o pagamento telemático por parte do interesado. Tamén utiliza o sistema de notificación avanzada RD POST E, que inclúe evidencia electrónica de entrega. O módulo MISTRIBUTOS permite o pago telemático mediante unha APP para Android ou IOS. O módulo SMS TRIBUTARIO permite o envío de SMS e e-mails personalizados (custo asumido polo licitador).

Inclúe un módulo xurídico para facilitar a resolución de recursos.


Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)**

Tal e como se comentaba previamente no informe, CGI utiliza as aplicacións informáticas TAO de T-SYSTEMS, facendo especial mención ao módulo eStima de xestión de multas e o módulo Multas-PDA para gravación de boletíns en mobilidade.

Ademais aporta ferramentas propias para optimizar a xestión de multas que traballan sobre a estrutura de datos de TAO, como poden ser SCTribTools (edición de remesas postais e control), Alredoc (dixitalización e arquivo de documentos), CGI-Matic (software de atención telefónica) e Modelo de xestión (cálculo de indicadores de xestión e cadros de mando).

A descrición funcional é menos detallada que noutras ofertas. Inclúe apartados sobre os posibles estados de tramitación, xestión de prazos, módulos de estatísticas, procesos masivos, etc. Pero a descrición do funcionamento xeral da aplicación é moi limitada. Isto supón unha menor puntuación na valoración da oferta.



Recibe tamén unha menor puntuación polo comentado previamente sobre os riscos inherentes a un modelo baseado na utilización das ferramentas informáticas sobre os servidores municipais para a posta en marcha do servizo de xeito inmediato.

OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	3
SCI	5
EUROGOP	5
AL	5
CGI	2

b) Intercomunicación e control dos expedientes en tódalas súas fases (5 puntos)

Todas as solucións baséanse nun xestor de expedientes, o que cando menos aporta funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc.


☐ **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Inclúe un apartado específico sobre este punto. Fai referencia a funcionalidades de SIT-gtt como a bandexa de tarefas, o control de procesos automatizados, ou as funcionalidades de busca propias dun xestor de expedientes. Tamén permite a realización de estatísticas da xestión recadatoria.

Por este motivo recibe a máxima puntuación neste apartado.

☐ **RECYGES**

Define a súa solución coma unha xestión integral de multas. Se ben fai unha descrición exhaustiva das funcionalidades, non inclúe especificamente un apartado sobre este tema. Si permite a xeración de informes e a súa parametrización, ademais das funcionalidades que debe incorporar un xestor de expedientes.



En todo caso, non acada o nivel de descrición suficiente para recibir a máxima puntuación.

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**

Dispón dun menú con todas as opcións posibles en base ao estado do expediente. Tamén conta cun motor de alertas, individuais por expediente e colectivas da xestión. As alertas son configurables e adaptables ao plan de traballo.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **EUROCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCOP)**

O sistema de xestión integral do procedemento trátase dun sistema baseado en BPM, que é o que neste informe entendemos por xestor de expedientes, e que polo tanto inclúe funcionalidades avanzadas para o seguimento de cada expediente durante as súas fases.

Describe en detalle estas funcionalidades, que van desde buscas avanzadas ata a xestión de alertas de prazos, etc.

Inclúe xeración de estatísticas, de memoria anual, e de informes. Tamén menciona a dispoñibilidade dun cadro de mando integral (CMI) que permite realizar diagnósticos de situación e evolución da actividade policial e das infraccións desde varios puntos de vista.


Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)**

Ao tratarse dun xestor de expedientes, presúmense funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc. Non inclúe en todo caso información específica para este apartado polo que recibe a puntuación máis baixa.

- **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)**

Ao tratarse dun xestor de expedientes, presúmense funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como



poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc. Ademais, fai referencia na oferta a estatísticas en base a prazos para a focalización do traballo. Non inclúe en todo caso información específica para este apartado polo que recibe a puntuación máis baixa.

OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	4
SCI	5
EUROCOP	5
AL	2
CGI	2

c) Uso de arquivos documentais dixitalizados (5 puntos)

Todas as solucións declaran utilizar un xestor documental como parte da súa solución tecnolóxica. Fan ademais con máis ou menos detalle referencia á posibilidade de dixitalizar os documentos para a súa incorporación ao expediente (boletíns, acuses de recibo, etc.)


- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

O seu sistema de xestión de expedientes electrónicos inclúe un módulo denominado SIT-archiva de xestión de arquivos documental preparado para a xestión de documentos electrónicos segundo o establecido pola Lei 40/2015. Inclúe cargas masivas e incorporación mediante escaneado ou desde outras aplicacións mediante servizos web, rexistro de documentos, clasificación documental, e trazabilidade das actuacións sobre os documentos.

Pola referencia específica a documentos electrónicos e a descrición de detalle, recibe a máxima puntuación.

- **RECYGES**

Inclúe un sistema de xestión de arquivos documental integral denominado DF-SERVER, cunha descrición técnica e funcional detallada, que coincide coas propias destes sistemas. Inclúen un



módulo transversal de información contextual que permite anotacións relacionadas co expediente.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**

Inclúe un sistema de xestión de arquivos que xestiona o documento en todas as súas fases, desde a creación ao arquivado. Inclúe as funcionalidades habituais nestes sistemas.

Inclúe servizos web para interoperabilidade con outros xestores documentais.

- **EUROCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCOP)**

Euro-OTD inclúe un xestor documental que permite manter un arquivo documental dixitalizado, e que está integrado co xestor de expedientes, coas funcionalidades habituais nestes sistemas.

Permite o intercambio de documentos con usuarios externos.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.

- **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)**


A solución de xestión de expedientes sancionadores GESSAN utiliza a ferramenta de xestión documental ALFRESCO. Trátase neste senso da única oferta que declara utilizar unha solución de mercado específica. Neste caso trátase dunha solución de referencia baseada en software libre.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.

- **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)**

Non se atopa unha referencia explícita á utilización dun xestor documental, se ben hai referencia nas ofertas á carga de documentos en distintos formatos.

Por este motivo recibe a puntuación máis baixa neste apartado.



OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	4
SCI	4
EUROGOP	4
AL	4
CGI	2

d) Melloras na captura electrónica de datos na tramitación dos procedementos (5 puntos)

- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

A oferta describe as funcionalidades propias da solución SIT-gtt e SIT-sanciona. Ambos teñen conexión bidireccional en tempo real.

A gravación de boletíns realízase directamente na súa aplicación de xestión, sen pasos intermedios. Ademais, obtén datos a través das integracións con sistemas como ATEX5 ou SICER.

Ademais das funcionalidades habituais durante gravación de boletíns, inclúe outras como pode ser a detección automática de matrícula mediante OCR e a xeolocalización. Tamén pode incluír texto normativo que se actualiza automaticamente en SIT-gtt.


Os terminais en mobilidade son Samsung S6 con impresoras Zebra Imz230 cumpren coas características establecidos no prego.

Polo nivel de funcionalidades descritas recibe unha puntuación elevada.

- **RECYGES**

Ademais das funcionais habituais, destaca o feito de que utiliza o padrón de vehículos do Concello e os accesos a DGT, avisando ao Concello de calquera incongruencia.

Os terminais en mobilidade con impresoras cumpren e ata superan as características establecidos no prego (pantalla de 5,5", 64 GB de



memoria, cámara de 20Mpx, batería de 3.240mAh), e inclúen unha funda. Incorporan licenzas para servizo MDM e declaran compatibilidade co MDM municipal (AirWatch).

Polo reducido nivel de funcionalidades, recibe a puntuación máis baixa.

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**

Ademais das funcións habituais, a aplicación GMS EASYNET MOBILE ofrece recoñecemento de matrículas mediante OCR e localización de denuncias mediante GPS. Soporta a sinatura electrónica da denuncia mediante tarxeta criptográfica. Inclúe tanto denuncia a vehículos coma a peóns. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.

E por último inclúe pagamento mediante TPV virtual, código de barras e caixeiro.

Soporta tamén a recollida de denuncias competencia da DGT, o cal xestiona de xeito transparente.


Dispón ademais de sistemas de captación a través de ficheiros de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, radares, etc.).

Ademais dos 80 terminais PDA con impresoras solicitados no prego, cuxas especificacións melloran lixeiramente nalgún apartado, e que neste caso son rugerizados, ofrecen o seguinte equipamento:

- 10 tablets para utilizar nos vehículos da Policía Local
- 1 equipo de detección de drogas DDS2
- 1 terminal ScanPolicial con software para lectura continuada de matrículas, con descarga de datos da DGT.
- 1 radar velolaser que permite denuncias por exceso de velocidade e volcado automático dos datos

Recibe unha maior puntuación que o resto das ofertas tanto pola calidade na descrición das funcionalidades coma polo equipamento adicional subministrado.

Polo nivel de funcionalidades descritas e o equipamento adicional recibe a máxima puntuación neste apartado.



- EUROCCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCCOP)

Ademais das funcións habituais, a aplicación EURO-OTD MOBILE ofrece recoñecemento de matrículas mediante OCR e localización de denuncias mediante GPS, conversión de audio a texto, denuncia tanto a vehículos como a peóns, etc. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.

Tamén permite auditar vehículos especiais, residentes, vehículos estacionados en ORA, etc. Estas funcionalidades en todo caso, dependerán da posible integración cos correspondentes sistemas.

E por último inclúe pagamento "in situ" aínda que non confirma o procedemento (p.e. TPV virtual). Indica que EUROCCOP MOBILE permite incorporar un sistema TPV no móbil.

Dispón ademais de sistemas de captación de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, multacar, radares, control de accesos restrinxidos, etc.).


Oferta 80 terminais smartphone DOOGEE S60 coas correspondentes impresoras adaptadas ao sistema EUROCCOP-MOBILE, axustándose as especificacións do prego, e que neste caso son rugerizados IP68.

Ademais das conexións á DGT, inclúen conexión ao Padrón de habitantes, Terceiros, IBI e Catastro, especificamente coas aplicacións TAO de T-SYSTEMS de que dispón o Concello, o que pode utilizar para facilitar e controlar a entrada de datos.

- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)

Ademais das funcións habituais, a aplicación GESSAN MOBILE ofrece conversión de audio a texto, e sinatura mediante lapis capacitivo. É compatible con PSWS para envío de denuncias da súa competencia á DGT. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.

Dispón ademais de sistemas de captación a través de ficheiros de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, radares, etc.).



Inclúe pagamento mediante TPV virtual, ademais do habitual pago por banco.

Os terminais en mobilidade con impresoras rugerizadas cumpren as características establecidas no prego. Incorporan licenzas para servizo MDM (AirWatch). O terminal dispón da API SAFE para aplicar medias de seguridade.

Ademais, oferta un sistema MCAM. Trátase dun sistema de seguridade vial integral embebido nun smartphone que permite identificar matrículas en mobilidade. Conectado á DGT permite detectar vehículos coa ITV caducada, vehículos roubados, vehículos de baixa ou sen seguro. Tamén soporta listas negra de vehículos, zona azul, zonas restrinxidas de circulación, etc. dependendo da integración coas correspondentes aplicacións.

Polo nivel de funcionalidades descritas e o equipamento adicional recibe a máxima puntuación neste apartado.

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)


No que respecta á gravación de multas en mobilidade describe un número moi reducido de funcionalidades en comparación co resto das ofertas.

Inclúe pagamento mediante TPV virtual, ademais da opción de cobro en modalidade 3 (por banco).

A carga de boletíns en papel pode apoiarse nunha aplicación que, mediante técnicas de OCR e con conexión á DGT, permite reducir a gravación manual de datos.

Polo contrario, fai unha descrición máis detallada de procesos masivos de carga de denuncias de tráfico.

Oferta 80 terminais smartphone rugerizado coas especificacións técnicas do prego e compatibles coas aplicacións de T-SYSTEMS, como pode ser un POINT MOBILE PM80 ou similar, coas correspondentes impresoras, cun modelo ZEBRA IMZ320 ou similar.



Polo reducido nivel de funcionalidades, recibe a puntuación máis baixa.

OFERTA	PUNTOS
GTT	4
RECYGES	2
SCI	5
EUROCOP	4
AL	5
CGI	2

e) Intercambio de datos coas aplicacións informáticas municipais (5 puntos)

Neste apartado, tal e como se explicou previamente no informe, destaca a proposta de CGI, o que se reflicte nunha importante diferenza de puntuación. Todas as ofertas inclúen nos seus sistemas algún mecanismo de integración e operabilidade, aínda que polo xeral non teñen implementado a conectividade coas aplicacións municipais.


- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Indica que conta cun bus de interoperabilidade e integración que permite a SIT-gtt conectarse mediante servizos web ou intercambio de ficheiros con entidades externas e aplicacións corporativas do propio organismo.

Non baixa ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.

- **RECYGES**

Declaran incluír un módulo de sincronización a través dunha conexión VPN. Este sistema permite o envío de operacións de xeito automatizado ou manual e dispón dunha consola de control. Conéctase co aplicativo de T-SYSTEMS, aportando a experiencia do Concello de Pontevedra.



Permite a comunicación de operacións realizadas no Concello e que se consideran relevantes para o servizo que presta Recyges.

Incorpora tamén servizos web para conexión con recadación e comprométese ao desenvolvemento de servizos web para conexión ao xestor de expedientes ou a sede electrónica. Isto non se ten en conta na valoración porque non está desenvolto.

Recibe puntuación polo feito de contar cun certo nivel de integración coas aplicacións de T-SYSTEMS.

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)**


Inclúe un apartado completo sobre integración e intercambio de datos coas bases de datos municipais, no que se detallan os servizos web dispoñibles para integración coa xestión de expedientes, co sistema de sinatura electrónica, co módulo de contabilidade a recadación executiva, ferramentas de captura de denuncias, ou o sistema de notificacións electrónicas.

Como sucede co resto das solucións, salvo que se indique o contrario, o feito de dispoñer de servizos web non garante a conexión inmediata, sendo normalmente necesario un proceso de programación entre os programas a conectar. Na oferta, ademais, hai erros ao asumir que o Concello conta coa ferramenta de contabilidade SICAP de T-SYSTEMS. Sen embargo, esta oferta destaca polo elevado detalle na descrición dos mecanismos de integración, polo que recibe maior puntuación.

Tamén é salientable o feito de que dispoñen dunha plataforma de intermediación propia, se ben a meirande parte dos servizos serán utilizados polo Concello a través das plataformas de intermediación que ofrecen outras Administracións.

É a oferta que recibe máis puntuación de entre as que ofertan unha solución autónoma polo elevado nivel de detalle na descrición dos servizos web e mecanismos de integración.

- **EUROCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCOP)**



Os sistemas EUROCCOP permiten integración coas aplicacións de xestión TAO de T-SYSTEMS que utiliza o Concello para acceso a Padrón de Habitantes, ficheiro de terceiros, rueiro, catastro-IBI, etc. Previsiblemente o uso é o descrito noutro apartado deste informe, e polo tanto non se ten especialmente en conta neste apartado.

Tamén declara contar con sistemas de integración con sistemas de administración electrónica, portasinaturas, etc. Non se refire concretamente ás aplicacións municipais e non fai unha descrición detallada.

En todo caso, non chega ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.

- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)


A solución incorpora un bus de interoperabilidade e integración. Isto facilitaríaa integración con aplicacións de terceiros coma SICALWIN (contabilidade) ou TAO (xestión de ingresos). Tamén describe a integración co xestor de notificacións, a importación e xestión de propostas de baixa, e emisión de certificacións e cartas de pago para a sede electrónica do Concello.

En todo caso, non chega ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

Tal e como se comentaba previamente no informe, CGI utiliza as aplicacións informáticas TAO de T-SYSTEMS, facendo especial mención ao módulo eStima de xestión de multas e o módulo Multas-PDA para gravación de boletíns en mobilidade.

O Concello está en fase de implantación dunha solución de administración electrónica, adxudicada ao provedor T-SYSTEMS, que inclúe os módulos mencionados. Polo tanto, desde o punto de vista da integración coas aplicacións municipais, recibe a máxima puntuación.



Isto supón para o Concello dispoñer de toda a información nos seus sistemas informáticos tanto polo que respecta á tramitación dos boletíns de denuncia coma da fase de recadación.

Por todo isto, recibe a máxima puntuación neste apartado.

OFERTA	PUNTOS
GTT	1
RECYGES	2
SCI	2
EUROCOP	1
AL	1
CGI	5

4. PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

En base a isto, achégase a seguinte táboa de puntuacións:


Táboa de puntuacións	Pmax	GTT	RECYGES	SCI	EUROCOP	AL	CGI
a) Mellora na xestión	5,00	5,00	3,00	5,00	5,00	5,00	2,00
b) Intercomunicación e control de expedientes en todas as súas fases	5,00	5,00	4,00	5,00	5,00	2,00	2,00
c) Uso de arquivos documentais dixitalizados	5,00	5,00	4,00	4,00	4,00	4,00	2,00
d) Captura electrónica de datos	5,00	4,00	2,00	5,00	4,00	5,00	2,00
e) Intercambio datos con aplicacións municipais	5,00	1,00	2,00	2,00	1,00	1,00	5,00
TOTAL	25,00	20,00	15,00	21,00	19,00	17,00	11,00
PUNTUACIÓN SOBRE 20	20,00	19,05	14,29	20,00	18,10	16,19	12,38

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Firmado por JESÚS
RODRÍGUEZ
CASTRO -
34887777C el día
19/09/2018 con un
certificado emitido por
AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL
PERSONS - 2016



CON/67/2017

ASUNTO: INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO E CALESQUERA OUTRAS INFRACCIÓNS NOS ÁMBITOS DA SEGURIDADE, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (SOBRE Nº 2)

1. ANTECEDENTES


Con data 18 de maio recíbese do xefe de sección de Contratación solicitude de informe de valoración das ofertas presentadas a licitación, xunto coa documentación do expediente, que inclúe informe da xefa do servizo de Mobilidade e seguridade e as ofertas seguintes:

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)
- RECYGES
- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)
- EUROCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCOP)
- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)
- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

2. ALCANCE DO INFORME

En base ao informe da xefa de servizo de Mobilidade e seguridade, este informe céntrase nos aspectos tecnolóxicos das ofertas, e máis concretamente no punto que se reproduce de seguido e que forma parte do apartado "criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes" do prego:

- Ata VINTE (20) PUNTOS a utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemática, encamiñados á mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, uso de arquivos documentais dixitalizados, melloras na captura electrónica de datos na tramitación dos procedementos. Valorarase especialmente o sistema de intercambio de datos coas aplicacións informativas que se especifiquen no PPT e outras municipais.



Neste informe analízase a solución desde o punto de vista de arquitectura tecnolóxica e dos aspectos técnicos. Non se analiza en detalle os aspectos puramente funcionais do software, cuxa análise correspondería aos departamentos usuarios, e que incluso nalgunhas ofertas quedan integrados na descrición global do servizo ofertado.

3. DETALLE DAS OFERTAS

As ofertas analízanse tendo en conta a utilización de medios tecnolóxicos no que respecta a cada un dos aspectos que se describen no punto.


Para facilitar a avaliación, cada apartado ten asociada unha puntuación máxima. O total de cada oferta é a suma das valoracións acadadas en todos os apartados. A puntuación final sobre 20 obtense mediante unha fórmula proporcional.

Aplicando o criterio establecido na mesa de contratación, e dado que o prego prevé que será valorado especialmente, asígnanse 10 puntos ao apartado de intercambio de datos con aplicacións municipais fronte aos 5 puntos asignados ao resto dos apartados. Así mesmo, o factor de axuste á puntuación máxima realízase en coherencia co resto dos informes.

Todas inclúen descrición dunha plataforma tecnolóxica. Se cada oferta sigue unha orientación diferente na súa redacción e fai fincapé en aspectos distintos, existen unha serie de elementos comúns que reflicten solvencia tecnolóxica para o obxecto do contrato que se persigue.

a) Mellora da xestión (5 puntos)

Todas as ofertas inclúen a utilización de plataformas informáticas deseñadas para optimizar a xestión de expedientes e facer o seguimento e control da súa tramitación, incorporando sistemas de captación de información de xeito manual, en mobilidade e mediante a importación desde outros sistemas internos (como poden ser aplicacións, radares, etc.) ou externos (DGT).



En todos os casos se describe ademais unha arquitectura que inclúe compoñentes entre os que se atopan un xestor de expedientes e un xestor documental. Estes elementos dispoñen de funcionalidades avanzadas que fan presupoñer unha maior facilidade de explotación da información, así coma de integración coas aplicacións municipais ou, cando menos, de intercambio de información.

Fan fincapé na captación de información de calidade como elemento crítico para a mellora da xestión, deseñando procedementos automatizados ata onde é posible co obxecto de evitar erros humanos, e introducindo axudas e controis como son a conexión á base de datos da DGT ou, se é o caso, dos padróns municipais, para descarga de información do vehículo.

Tamén mencionan todos a conectividade necesaria para o intercambio de información coa DGT, incluíndo tanto o acceso a información de vehículos (ATEX) coma o envío de información mediante sistemas como TESTRA, NOSTRA-DEV ou, nalgún caso ATMV.

Hai unha importante diferenza entre os modelos seguidos, que presentan vantaxes e desvantaxes:

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, RECYGES, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, EUROCCOP e ASESORES LOCALES dispoñen da súa propia solución de xestión integral, instalada sobre os seus propios servidores.
- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS ten acordos de colaboración co fabricante de software T-SYSTEMS, e ofrece a prestación do servizo sobre esta solución informática, que ademais sería instalada nos propios servidores municipais. O provedor aporta todas as licenzas e servizo de mantemento oficial durante a prestación do servizo.

A solución de COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS é avaliada moi positivamente neste informe no apartado de integración cos sistemas informáticos municipais, xa que na práctica toda a información quedaría almacenada e podería ser explotada na



plataforma de administración electrónica municipal que se está implantando no Concello e cuxo subministrador é precisamente a empresa T-SYSTEMS. O Concello conta ademais neste momento coas versións anteriores da xestión de ingresos e de padrón de habitantes deste provedor.

Trátase esta dunha opción que de feito se contemplaba como obxectivo a futuro no propio prego. Presenta, en sentido contrario, un maior risco neste momento para a posta en funcionamento de xeito inmediato, xa que a implantación da solución de administración electrónica municipal está en fases iniciais. As solucións do resto dos provedores, que se ben poden aportar un menor nivel de integración, contan con maior autonomía para o inicio inmediato da prestación do servizo.

- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Basea o funcionamento na súa solución global SIT (sistema de información tributaria) deseñada sobre a base dunha xestión integral de expedientes electrónicos, co seu propio xestor documental. Aporta polo tanto todas as funcionalidades dunha ferramenta deste tipo, onde os sancionadores son unicamente tipo de expediente.


A oferta inclúe os módulos específicos para a xestión de expedientes sancionadores (SIT-gtt) e para dispositivos móbiles (SIT-sanciona).

Tamén inclúe a súa Oficina Tributaria Virtual (OTV) personalizable, desde a que permite a realización de trámites electrónicos (recibir notificacións electrónicas, pagamento a través de varias pasarelas bancarias, notificación do condutor, etc.)

Fai una descrición detallada das funcionalidades de cada módulo, desde a recollida de boletíns, o intercambio de datos, e a xestión e seguimento dos expedientes. Tamén das necesarias funcionalidades de conectividade ATEX5, SICER, ATMV.

Por último incorpora un Centro de Atención Telemático.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.



- RECYGES

Describe o seu aplicativo de xestión integral de multas RECYGES, incluíndo capturas de pantalla de cada unha das funcionalidades, e da aplicación de gravación de multas en mobilidade RECYGES MÓBIL.

Con respecto a esta última, bótanse en falta algunhas funcionalidades reflectidas noutras ofertas, como é a de pagamento mediante impresión de carta de pago ou TPV.

Recibe menor puntuación por este motivo.

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)

A oferta inclúe as aplicacións EAS@NET que permite a xestión integral de expediente.

Fai una descrición moi completa e detallada das funcionalidades de cada módulo, desde a recollida de boletíns, o intercambio de datos, e a xestión e seguimento dos expedientes. Tamén das necesarias funcionalidades de conectividade ATEX5 ou TESTRA.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- EUROCCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCCOP)

Describe o seu aplicativo EURO-OTD de xestión integral do procedemento sancionador. Esta solución inclúe outros módulos, como EUROCCOP-MOBILE para gravación de multas en mobilidade ou EUROCCOP-DGT para consulta e actualización de datos coa DGT.

Declara como elemento diferenciador a súa integración dentro do ecosistema de aplicacións de xestión policial EUROCCOP. Non se ten como tal en conta neste informe, posto que o Concello non dispón desta solución. Incorpora tamén algunhas funcionalidades, como Predtraffic para predición e análise do tráfico, que non se teñen en conta neste informe por non considerarse directamente relacionados co obxecto do contrato.



Ademais das integracións habituais con TESTRA e NOSTRA-DEV, inclúe servizos web para conexión con ARENA II, e con LexNet, Fiscalía e Policías.

Como mellora aporta un portal telemático para pagamento de denuncias en liña e consultas. Este mesmo portal pode ser utilizado polo Concello para consultas sobre os expedientes. Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)**

Describe o seu aplicativo de xestión integral de multas GESSAN web de xestión de expedientes sancionadores de tráfico e GESSAN SANCIONADOR para xestión doutros expedientes sancionadores, xunto con módulos coma GESSAN MOBILE de gravación de multas en mobilidade, GESINF para validación masiva de denuncias, e SEGVIAL para recadación en voluntaria mediante o pagamento telemático por parte do interesado. Tamén utiliza o sistema de notificación avanzada RD POST E, que inclúe evidencia electrónica de entrega. O módulo MISTRIBUTOS permite o pago telemático mediante unha APP para Android ou IOS. O módulo SMS TRIBUTARIO permite o envío de SMS e e-mails personalizados (custo asumido polo licitador).

Inclúe un módulo xurídico para facilitar a resolución de recursos.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- **COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)**

Tal e como se comentaba previamente no informe, CGI utiliza as aplicacións informáticas TAO de T-SYSTEMS, facendo especial mención ao módulo eStima de xestión de multas e o módulo Multas-PDA para gravación de boletíns en mobilidade.

Ademais aporta ferramentas propias para optimizar a xestión de multas que traballan sobre a estrutura de datos de TAO, como poden ser SCTribTools (edición de remesas postais e control), Alredoc (dixitalización e arquivo de documentos), CGI-Matic (software de atención telefónica) e Modelo de xestión (cálculo de indicadores de xestión e cadros de mando).



A descrición funcional é menos detallada que noutras ofertas. Inclúe apartados sobre os posibles estados de tramitación, xestión de prazos, módulos de estatísticas, procesos masivos, etc. Pero a descrición do funcionamento xeral da aplicación é moi limitada. Isto supón unha menor puntuación na valoración da oferta.

Recibe tamén unha menor puntuación polo comentado previamente sobre os riscos inherentes a un modelo baseado na utilización das ferramentas informáticas sobre os servidores municipais para a posta en marcha do servizo de xeito inmediato.

OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	3
SCI	5
EUROCOP	5
AL	5
CGI	2


b) Intercomunicación e control dos expedientes en tódalas súas fases (5 puntos)

Todas as solucións baséanse nun xestor de expedientes, o que cando menos aporta funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc.

- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Inclúe un apartado específico sobre este punto. Fai referencia a funcionalidades de SIT-gtt como a bandexa de tarefas, o control de procesos automatizados, ou as funcionalidades de busca propias dun xestor de expedientes. Tamén permite a realización de estatísticas da xestión recadadora.

Por este motivo recibe a máxima puntuación neste apartado.



- RECYGES

Define a súa solución coma unha xestión integral de multas. Se ben fai unha descrición exhaustiva das funcionalidades, non inclúe especificamente un apartado sobre este tema. Si permite a xeración de informes e a súa parametrización, ademais das funcionalidades que debe incorporar un xestor de expedientes.

En todo caso, non acada o nivel de descrición suficiente para recibir a máxima puntuación.

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)

Dispón dun menú con todas as opcións posibles en base ao estado do expediente. Tamén conta cun motor de alertas, individuais por expediente e colectivas da xestión. As alertas son configurables e adaptables ao plan de traballo.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- EUROCCP SECURITY SYSTEMS (EUROCCP)

O sistema de xestión integral do procedemento trátase dun sistema baseado en BPM, que é o que neste informe entendemos por xestor de expedientes, e que polo tanto inclúe funcionalidades avanzadas para o seguimento de cada expediente durante as súas fases.


Describe en detalle estas funcionalidades, que van desde buscas avanzadas ata a xestión de alertas de prazos, etc.

Inclúe xeración de estatísticas, de memoria anual, e de informes. Tamén menciona a dispoñibilidade dun cadro de mando integral (CMI) que permite realizar diagnósticos de situación e evolución da actividade policial e das infraccións desde varios puntos de vista.

Por todo isto recibe a máxima puntuación neste apartado.

- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)

Ao tratarse dun xestor de expedientes, presúmense funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como



poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc. Non inclúe en todo caso información específica para este apartado polo que recibe a puntuación máis baixa.

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

Ao tratarse dun xestor de expedientes, presúmense funcionalidades de control e seguimento dos expedientes como poden ser buscas, alertas, estatísticas, etc. Ademais, fai referencia na oferta a estatísticas en base a prazos para a focalización do traballo. Non inclúe en todo caso información específica para este apartado polo que recibe a puntuación máis baixa.


OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	4
SCI	5
EUROCOP	5
AL	2
CGI	2

c) Uso de arquivos documentais dixitalizados (5 puntos)

Todas as solucións declaran utilizar un xestor documental como parte da súa solución tecnolóxica. Fan ademais con máis ou menos detalle referencia á posibilidade de dixitalizar os documentos para a súa incorporación ao expediente (boletíns, acuses de recibo, etc.)

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)

O seu sistema de xestión de expedientes electrónicos inclúe un módulo denominado SIT-archiva de xestión de arquivos documental preparado para a xestión de documentos electrónicos segundo o establecido pola Lei 40/2015. Inclúe cargas masivas e incorporación mediante escaneado ou desde outras aplicacións mediante servizos web, rexistro de documentos, clasificación documental, e trazabilidade das actuacións sobre os documentos.



Pola referencia específica a documentos electrónicos e a descrición de detalle, recibe a máxima puntuación.

- RECYGES

Inclúe un sistema de xestión de arquivos documental integral denominado DF-SERVER, cunha descrición técnica e funcional detallada, que coincide coas propias destes sistemas. Inclúen un módulo transversal de información contextual que permite anotacións relacionadas co expediente.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)

Inclúe un sistema de xestión de arquivos que xestiona o documento en todas as súas fases, desde a creación ao arquivado. Inclúe as funcionalidades habituais nestes sistemas.

Inclúe servizos web para interoperabilidade con outros xestores documentais.

- EUROCCP SECURITY SYSTEMS (EUROCCP)

Euro-OTD inclúe un xestor documental que permite manter un arquivo documental dixitalizado, e que está integrado co xestor de expedientes, coas funcionalidades habituais nestes sistemas.

Permite o intercambio de documentos con usuarios externos.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.

- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)

A solución de xestión de expedientes sancionadores GESSAN utiliza a ferramenta de xestión documental ALFRESCO. Trátase neste senso da única oferta que declara utilizar unha solución de mercado específica. Neste caso trátase dunha solución de referencia baseada en software libre.

Por este motivo recibe unha puntuación elevada neste apartado.



- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

Non se atopa unha referencia explícita á utilización dun xestor documental, se ben hai referencia nas ofertas á carga de documentos en distintos formatos.

Por este motivo recibe a puntuación máis baixa neste apartado.

OFERTA	PUNTOS
GTT	5
RECYGES	4
SCI	4
EUROCOP	4
AL	4
CGI	2

d) Melloras na captura electrónica de datos na tramitación dos procedementos (5 puntos)

- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)


A oferta describe as funcionalidades propias da solución SIT-gtt e SIT-sanciona. Ambos teñen conexión bidireccional en tempo real.

A gravación de boletíns realízase directamente na súa aplicación de xestión, sen pasos intermedios. Ademais, obtén datos a través das integracións con sistemas como ATEX5 ou SICER.

Ademais das funcionalidades habituais durante gravación de boletíns, inclúe outras como pode ser a detección automática de matrícula mediante OCR e a xeolocalización. Tamén pode incluír texto normativo que se actualiza automaticamente en SIT-gtt.

Os terminais en mobilidade son Samsung S6 con impresoras Zebra Imz230 cumpren coas características establecidos no prego.

Polo nivel de funcionalidades descritas recibe unha puntuación elevada.



- RECYGES

Ademais das funcionais habituais, destaca o feito de que utiliza o padrón de vehículos do Concello e os accesos a DGT, avisando ao Concello de calquera incongruencia.

Os terminais en mobilidade con impresoras cumpren e ata superan as características establecidos no prego (pantalla de 5,5", 64 GB de memoria, cámara de 20Mpx, batería de 3.240mAh), e inclúen unha funda. Incorporan licenzas para servizo MDM e declaran compatibilidade co MDM municipal (AirWatch).

Polo reducido nivel de funcionalidades, recibe a puntuación máis baixa.

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)

Ademais das funcións habituais, a aplicación GMS EASYNET MOBILE ofrece recoñecemento de matrículas mediante OCR e localización de denuncias mediante GPS. Soporta a sinatura electrónica da denuncia mediante tarxeta criptográfica. Inclúe tanto denuncia a vehículos coma a peóns. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.


E por último inclúe pagamento mediante TPV virtual, código de barras e caixeiro.

Soporta tamén a recollida de denuncias competencia da DGT, o cal xestiona de xeito transparente.

Dispón ademais de sistemas de captación a través de ficheiros de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, radares, etc.).

Ademais dos 80 terminais PDA con impresoras solicitados no prego, cuxas especificacións melloran lixeiramente nalgún apartado, e que neste caso son rugerizados, ofrecen o seguinte equipamento:

- 10 tablets para utilizar nos vehículos da Policía Local
- 1 equipo de detección de drogas DDS2
- 1 terminal ScanPolicial con software para lectura continuada de matrículas, con descarga de datos da DGT.



- 1 radar velolaser que permite denuncias por exceso de velocidade e volcado automático dos datos

Recibe unha maior puntuación que o resto das ofertas tanto pola calidade na descrición das funcionalidades coma polo equipamento adicional subministrado.

Polo nivel de funcionalidades descritas e o equipamento adicional recibe a máxima puntuación neste apartado.

EUROCCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCCOP)

Ademais das funcións habituais, a aplicación EURO-OTD MOBILE ofrece recoñecemento de matrículas mediante OCR e localización de denuncias mediante GPS, conversión de audio a texto, denuncia tanto a vehículos como a peóns, etc. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.


Tamén permite auditar vehículos especiais, residentes, vehículos estacionados en ORA, etc. Estas funcionalidades en todo caso, dependerán da posible integración cos correspondentes sistemas.

E por último inclúe pagamento "in situ" aínda que non confirma o procedemento (p.e. TPV virtual). Indica que EUROCCOP MOBILE permite incorporar un sistema TPV no móbil.

Dispón ademais de sistemas de captación de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, multacar, radares, control de accesos restrinxidos, etc.).

Oferta 80 terminais smartphone DOOGEE S60 coas correspondentes impresoras adaptadas ao sistema EUROCCOP-MOBILE, axustándose as especificacións do prego, e que neste caso son rugerizados IP68.

Ademais das conexións á DGT, inclúen conexión ao Padrón de habitantes, Terceiros, IBI e Catastro, especificamente coas aplicacións TAO de T-SYSTEMS de que dispón o Concello, o que pode utilizar para facilitar e controlar a entrada de datos.



- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)

Ademais das funcións habituais, a aplicación GESSAN MOBILE ofrece conversión de audio a texto, e sinatura mediante lapiz capacitivo. É compatible con PSWS para envío de denuncias da súa competencia á DGT. Tamén alarma ante vehículos roubados, sen ITV, etc.

Dispón ademais de sistemas de captación a través de ficheiros de todo tipo de denuncias (grúa, foto-rojo, radares, etc.).

Inclúe pagamento mediante TPV virtual, ademais do habitual pago por banco.

Os terminais en mobilidade con impresoras rugerizadas cumpren as características establecidas no prego. Incorporan licenzas para servizo MDM (AirWatch). O terminal dispón da API SAFE para aplicar medias de seguridade.


Ademais, oferta un sistema MCAM. Trátase dun sistema de seguridade vial integral embebido nun smartphone que permite identificar matrículas en mobilidade. Conectado á DGT permite detectar vehículos coa ITV caducada, vehículos roubados, vehículos de baixa ou sen seguro. Tamén soporta listas negra de vehículos, zona azul, zonas restrinxidas de circulación, etc. dependendo da integración coas correspondentes aplicacións.

Polo nivel de funcionalidades descritas e o equipamento adicional recibe a máxima puntuación neste apartado.

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

No que respecta á gravación de multas en mobilidade describe un número moí reducido de funcionalidades en comparación co resto das ofertas.

Inclúe pagamento mediante TPV virtual, ademais da opción de cobro en modalidade 3 (por banco).



A carga de boletíns en papel pode apoiarse nunha aplicación que, mediante técnicas de OCR e con conexión á DGT, permite reducir a gravación manual de datos.

Polo contrario, fai unha descrición máis detallada de procesos masivos de carga de denuncias de tráfico.

Oferta 80 terminais smartphone ruggedizado coas especificacións técnicas do prego e compatibles coas aplicacións de T-SYSTEMS, como pode ser un POINT MOBILE PM80 ou similar, coas correspondentes impresoras, cun modelo ZEBRA IMZ320 ou similar.

Polo reducido nivel de funcionalidades, recibe a puntuación máis baixa.

OFERTA	PUNTOS
GTT	4
RECYGES	2
SCI	5
EUROCOP	4
AL	5
CGI	2

e) Intercambio de datos coas aplicacións informáticas municipais (5 puntos)

Neste apartado, tal e como se explicou previamente no informe, destaca a proposta de CGI, o que se reflicte nunha importante diferenza de puntuación. Todas as ofertas inclúen nos seus sistemas algún mecanismo de integración e operabilidade, aínda que polo xeral non teñen implementado a conectividade coas aplicacións municipais.

- **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL (GTT)**

Indica que conta cun bus de interoperabilidade e integración que permite a SIT-gtt conectarse mediante servizos web ou intercambio de ficheiros con entidades externas e aplicacións corporativas do propio organismo.



Non baixa ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.

- RECYGES

Declaran incluír un módulo de sincronización a través dunha conexión VPN. Este sistema permite o envío de operacións de xeito automatizado ou manual e dispón dunha consola de control. Conéctase co aplicativo de T-SYSTEMS, aportando a experiencia do Concello de Pontevedra.

Permite a comunicación de operacións realizadas no Concello e que se consideran relevantes para o servizo que presta Recyges.


Incorpora tamén servizos web para conexión con recadación e comprométese ao desenvolvemento de servizos web para conexión ao xestor de expedientes ou a sede electrónica. Isto non se ten en conta na valoración porque non está desenvolto.

Recibe puntuación polo feito de contar cun certo nivel de integración coas aplicacións de T-SYSTEMS.

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (SCI)

Inclúe un apartado completo sobre integración e intercambio de datos coas bases de datos municipais, no que se detallan os servizos web dispoñibles para integración coa xestión de expedientes, co sistema de sinatura electrónica, co módulo de contabilidade a recadación executiva, ferramentas de captura de denuncias, ou o sistema de notificacións electrónicas.

Como sucede co resto das solucións, salvo que se indique o contrario, o feito de dispoñer de servizos web non garante a conexión inmediata, sendo normalmente necesario un proceso de programación entre os programas a conectar. Na oferta, ademais, hai erros ao asumir que o Concello conta coa ferramenta de contabilidade SICAP de T-SYSTEMS. Sen embargo, esta oferta destaca polo elevado detalle na descrición dos mecanismos de integración, polo que recibe maior puntuación.



Tamén é salientable o feito de que dispoñen dunha plataforma de intermediación propia, se ben a meirande parte dos servizos serán utilizados polo Concello a través das plataformas de intermediación que ofrecen outras Administracións.

É a oferta que recibe máis puntuación de entre as que ofertan unha solución autónoma polo elevado nivel de detalle na descrición dos servizos web e mecanismos de integración.

- EUROCCOP SECURITY SYSTEMS (EUROCCOP)

Os sistemas EUROCCOP permiten integración coas aplicacións de xestión TAO de T-SYSTEMS que utiliza o Concello para acceso a Padrón de Habitantes, ficheiro de terceiros, ruero, catastro-IBI, etc. Previsiblemente o uso é o descrito noutro apartado deste informe, e polo tanto non se ten especialmente en conta neste apartado.

Tamén declara contar con sistemas de integración con sistemas de administración electrónica, portasinaturas, etc. Non se refire concretamente ás aplicacións municipais e non fai unha descrición detallada.

En todo caso, non chega ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.


- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA (AL)

A solución incorpora un bus de interoperabilidade e integración. Isto facilitaríaa integración con aplicacións de terceiros coma SICALWIN (contabilidade) ou TAO (xestión de ingresos). Tamén describe a integración co xestor de notificacións, a importación e xestión de propostas de baixa, e emisión de certificacións e cartas de pago para a sede electrónica do Concello.

En todo caso, non chega ao nivel de detalle doutras ofertas, polo que recibe a menor puntuación.

- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS (CGI)

Tal e como se comentaba previamente no informe, CGI utiliza as aplicacións informáticas TAO de T-SYSTEMS, facendo especial




mención ao módulo eStima de xestión de multas e o módulo Multas-PDA para gravación de boletíns en mobilidade.

O Concello está en fase de implantación dunha solución de administración electrónica, adxudicada ao provedor T-SYSTEMS, que inclúe os módulos mencionados. Polo tanto, desde o punto de vista da integración coas aplicacións municipais, recibe a máxima puntuación.

Isto supón para o Concello dispoñer de toda a información nos seus sistemas informáticos tanto polo que respecta á tramitación dos boletíns de denuncia coma da fase de recadación.

Por todo isto, recibe a máxima puntuación neste apartado.

OFERTA	PUNTOS
GTT	2
RECYGES	4
SCI	4
EUROCOP	2
AL	2
CGI	10



4. PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

En base a isto, achégase a seguinte táboa de puntuacións:

Táboa de puntuacións	Pmax	GTT	RECYGES	SCI	EUROCOP	AL	CGI
a) Mellora na xestión	5,0	5,0	3,0	5,0	5,0	5,0	2,0
b) Intercomunicación e control de expedientes en todas as súas fases	5,0	5,0	4,0	5,0	5,0	2,0	2,0
c) Uso de arquivos documentais dixitalizados	5,0	5,0	4,0	4,0	4,0	4,0	2,0
d) Captura electrónica de datos	5,0	4,0	2,0	5,0	4,0	5,0	2,0
e) Intercambio datos con aplicacións municipais	10,0	2,0	4,0	4,0	2,0	2,0	10,0
TOTAL	30,0	21,0	17,0	23,0	20,0	18,0	18,0
TOTAL PUNTUACIÓN	20,0	14,0	11,3	15,3	13,3	12,0	12,0

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

O xefe de servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

Firmado por JESÚS
RODRÍGUEZ
CASTRO - 34887777C
el día 26/09/2018 con
un certificado emitido
por AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL
PERSONS - 2016



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**INFORME SOBRE AS PROPOSTAS PRESENTADAS NO CONCURSO PARA A
CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR
INFRACCIÓN CONTRA A NORMATIVA DE TRÁFICO VIAL URBANO DO CONCELLO DE
SANTIAGO (SOBRE Nº 3).-**

Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, da xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no concello de Santiago, o sobre tres incluía, a oferta económica.

O prego establece no seu punto 10.2 apartados b) e c), os criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

b) Mellor prezo: Ata 25 puntos.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "porcentaxe máis baixo ofertado". Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 25 puntos á oferta de porcentaxe máis baixo e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: Puntuación da oferta P_m: Puntuación máxima posible (25 puntos) O_b: Porcentaxe máis baixo das ofertas O_n: Porcentaxe da oferta a puntuar

c) Melloras ofrecidas sobre as condicións, non económicas, contidas no prego: QUINCE (15) PUNTOS, pola subrogación do persoal da anterior contrata (anexo IV)

As ofertas presentadas foron as seguintes:

GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.- GTT

Oferta económica:

- 28% do importe de todos os cobros realizados en período voluntario de pago.

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.



CONCELLO DE SANTIAGO

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Subrogación:

Presenta compromiso de subrogación do persoal da anterior contrata nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas.

SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.-

- 26,80% do importe de todos os cobros realizados en período voluntario de pago.

Estes porcentaxes inclúen a totalidade dos impostos, aínda o IVE.

Subrogación:

Presenta compromiso de subrogación do persoal da anterior contrata nas condicións que se especifican no Anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas.

Segundo os criterios establecidos no prego, procédese á valoración do sobre 3, do seguinte xeito:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES
Correspondencia das siglas cos criterios a avaliar:

10 b) Mellor prezo: Ata 25 puntos.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "porcentaxe máis baixo ofertado". Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 25 puntos á oferta de porcentaxe máis baixo e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: Puntuación da oferta P_m: Puntuación máxima posible (25 puntos) O_b: Porcentaxe máis baixo das ofertas O_n: Porcentaxe da oferta a puntuar

10 c) c) Melloras ofrecidas sobre as condicións, non económicas, contidas no prego:
QUINCE (15) PUNTOS, pola subrogación do persoal da anterior contrata (anexo IV)

EMPRESAS	SOBRE 3		TOTAL
	10.b) 25	10.c) 15	
GTT	21,43	15	36,43
RECYGES	22,22	15	37,22
EUROCOP	25	15	40,00
ASESORES LOC.	23,08	15	38,08
CGI	20,34	15	35,34
SCI	22,39	15	37,39



CONCELLO DE SANTIAGO

Así o cadro total das puntuacións obtidas polas ofertas das empresas non excluídas é o seguinte.

EMPRESAS	SOBRE 2		SOBRE 3		TOTAL
	10.a) 15	10.a) 20	10.b) 25	10.c) 15	
GTT	9,8	14	21,43	15	60,23
RÉCYGES	10,8	11,3	22,22	15	59,32
EUROCOP	11,7	13,3	25	15	65,00
ASESORES LOC.	13,6	12,0	23,08	15	63,68
CGI	11,3	12,0	20,34	15	58,64
SCI	15	15,3	22,39	15	67,69

En consecuencia a empresa que a obtido unha maior puntuación é SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SCI.

Santiago a 2 de outubro de 2018

A XEFE DO SERVIZO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Asda/Maria Moreno Berguer

